UNIDADE 2 A GALICIA MEDIEVAL

ÍNDICE

1. GALICIA NA ALTA IDADE MEDIA (711-1037)
1.1. EVOLUCIÓN POLÍTICA
1.1.1. Gallaecia: unha feble pegada musulmá
1.1.2. Gallaecia e a monarquía astur-leonesa
1.2. ESPAZO E POBOACIÓN
1.3. ECONOMÍA
1.4. SOCIEDADE
1.4.1. Aristocracia: parentesco e patrimonio
1.4.2. Campesiñado: grupo maioritario e heteroxéneo
1.5. A IGREXA
1.5.1 A *inventio* de Santiago
1.5.2. O monacato
2. A PLENA IDADE MEDIA (1037-1284)
2.1. EVOLUCIÓN POLÍTICA
2.1.1. A inestabilidade política do s. XI (1037-1092)
2.1.2. A Era Compostelá
2.1.3. Galicia na Coroa de Castela (1230-1284)
2.2. A ORGANIZACIÓN DO ESPAZO
2.2.1. A reordenación do espazo rural.
2.2. O renacemento urbano
2.3. ECONOMÍA
2.3.1. A agricultura
2.3.2. A actividade artesanal e comercial
2.4. SOCIEDADE
2.4.1. O clero
2.4.2. A nobreza laica
2.4.3. O campesiñado
2.4.4. A sociedade urbana
2.5. A IGREXA
2.5.1. O auxe de Santiago
2.5.2. A reforma cisterciense
2.5.3. A chegada dos mendicantes
3. A BAIXA IDADE MEDIA (1284-1474)
3.1. EVOLUCIÓN POLÍTICA
3.1.1. S. XIV: entre a crise e os conflitos xeneralizados
3.1.2. S. XV: do poder da nobreza á Revolta Irmandiña
3.2. ENTRE A CRISE DEMOGRÁFICA E A RECUPERACIÓN
3.3. ECONOMÍA
3.3.1. A agricultura
.3.2. O comercio: auxe do comercio marítimo e Santiago
3.3. A SOCIEDADE BAIXOMEDIEVAL
3.3.1. O campesiñado
3.3.2. A nobreza eclesiástica
3.3.3. A nobreza laica
3.3.4. A sociedade urbana

3.4. O LEVANTAMENTO IRMANDIÑO E A CONFLITIVIDADE SOCIAL DOS S. XIV-XV
3.4.1. A Revolta Irmandiña(1467-1470)
4. GALICIA E OS REIS CATÓLICOS
4.1. ASCENSO E CONSOLIDACIÓN DO PODER
4.1.1. A creación da “Santa Hermandad”
4.2. O SOMETEMENTO DA NOBREZA E A PACIFICACIÓN DE GALICIA
4.3. A INTEGRACIÓN DE GALICIA NO NOVO ESTADO
4.3.1. As novas institucións: Gobernador e Audiencia de Galicia
5. BIBLIOGRAFÍA

Galicia xorde na Idade Media. Gallaecia, a provincia do Imperio Romano, ocupada posteriormente polos suevos, que vai perdurar durante o período altomedieval, acabará por se dividir no s. XII, nacendo Galicia a unha beira do Miño e Portugal na beira meridional. Xunto a esta delimitación territorial que persiste até a actualidade, durante a Idade Media fixaranse os trazos esenciais da ocupación do espazo e da paisaxe até a época contemporánea. E, por suposto, a nosa terra asiste nestes séculos, ao nace mento do galego, a lingua propia de Galicia.

1. GALICIA NA ALTA IDADE MEDIA (711-1037)

1.1. EVOLUCIÓN POLÍTICA

1.1.1. Gallaecia: unha feble pegada musulmá

A chegada dos musulmáns á península Ibérica pon fin ao reino visigodo. Aproveitando os tradicionais enfrontamentos internos entre a nobreza visigoda pola elección e control do monarca, as tropas islámicas cruzarán o estreito de Xibraltar no 711, e ao mando de Tariq, derrotarán ao exército visigodo. Deste xeito desaparece toda autoridade central visigoda. A rápida expansión e conquista musulmá da península, feita en menos de 5 anos e que en moitos casos se desenvolveu sen resistencia, só se explica pola previa descomposición interna do reino visigodo e pola política musulmá de chegar a acordos e pactos cos dirixentes que puideron ofrecerlles resistencia. Nacía así Al-Andalus, que xa dende a súa orixe ía converterse nun referente político e cultural de primeira orde, non só no ámbito peninsular, senón en toda Europa.

Moito se ten debatido sobre o impacto e a pegada da invasión musulmá na Gallaecia. A historiografía tradicional, sobre todo cos estudos de Sánchez Albornoz, defendeu as enormes repercusións que sobre este territorio tivo a irrupción das tropas islámicas: produciríase unha ruptura non só política senón tamén na ocupación do espazo, quedando grande parte do sur da Gallaecia despoboada e erma até a segunda parte do s. XI. Pola contra, recentes estudos de E. Portela e M.C. Pallares amosan como a conquista islámica de Hispania non tivo outra consecuencia en Galicia que facer desaparecer a estrutura política da monarquía visigoda na que se encontraba integrada.

Non se pode manter na actualidade a idea dun fenómeno de despoboamento e posterior repoboamento na Gallaecia altomedieval froito da invasión musulmá. Portela e Pallares amosan como as estruturas básicas da sociedade mantiveron o seu funcionamento. Así:

- Polo que fai referencia á ocupación do espazo, este período caracterízase pola ausencia de rupturas drásticas.
- A actividade económica vén marcada polo proceso de estabilización da agricultura, cunha terra permanentemente ocupada que produce máis e que esixe máis cantidade de traballo e prácticas agrarias máis evolucionadas.
- A continuidade da organización eclesiástica, das súas circunscricións, en especial das parroquias, remite á época visigoda. Coas investigacións actuais é máis que factible vincular a organización territorial da alta Idade Media coas transformacións ocasionadas pola conquista romana.

As invasións musulmáns, que si se produciron, só afectaron conxunturalmente a espazos limitados, sendo de escasa relevancia na Gallaecia, ao non contar esta cun sector artesanal e comercial que puidese ser destruído.

1.1.2. Gallaecia e a monarquía astur-leonesa

Poderiamos falar dun reino de Galicia na alta Idade Media? Existiron monarcas galegos ou a Gallaecia pasou a ser dominada por monarcas asturianos e leoneses? Pódese cualificar de galego a un rei educado en Galicia, sostido polos magnates galegos e que decide soterrarse na catedral de Santiago? Este é un debate aberto sobre o que existen visións enfrontadas, moitas veces dende posicionamentos non exclusivamente historiográficos, que permiten múltiples interpretacións. O que ninguén dubida é o importante peso político que a Galicia altomedieval vai xogar na vida dos reinos cristiáns dende o s. VIII até o XI.

Afastado o perigo da invasión mulsumá e cunha nacente monarquía asturiana, Gallaecia fica durante o s. VIII á marxe do control dos reinos veciños, mais non indemne aos ocasionais saqueos sufridos por islámicos e asturianos, como os levados a cabo durante o reinado de Afonso II.

Poderiamos dividir o período altomedieval galego en tres etapas:

1. Gallaecia á marxe do reino asturiano (711-792).

2. A integración da Gallaecia no reino asturiano (792-910).

A partir do longo reinado de Afonso II, as relacións entre os magnates galegos e o monarca asturiano vanse intensificar. Cómpre lembrar que coa descuberta da tumba do Apóstolo (813), Santiago vaise converter na cabeza espiritual do reino asturiano, substituíndo a Oviedo. Con todo, non será até os reinados de Ramiro I e, fundamentalmente, de Ordoño I (850-866) cando se profunde na integración de Gallaecia no reino astur. Unha relación que se afianza coas alianzas matrimoniais entre a propia monarquía asturiana e a aristocracia galega, que vai ter un gran peso social e político no conxunto do reino.

Xunto a esta aristocracia aliada aos monarcas asturianos vai xurdir outra cun marcado carácter rebelde. Os séculos X e XI van vir marcados por esta dobre actitude dos magnates galegos, con períodos de sublevación contra os monarcas (aproveitando os momentos de febleza destes) e outros de maior colaboración. Moitos dos conflitos poderían ser explicados polas propias rivalidades entre os aristócratas galegos, mais que do enfrontamento cun rei foráneo.

3. Gallaecia protagonista do reino astur-leonés (910-1037).

Esta etapa caracterízase pola aparición dentro do reino de importantes diferenzas territoriais entre tres zonas que nos remiten aos antigos conventos romanos (Galicia, Braga e Astorga). A concepción patrimonial da monarquía vai permitir que as tensións cristalicen na fragmentación temporal do reino. Cómpre destacar o protagonismo político da nobreza galaica sobre os diferentes monarcas, sostendo ou impondo novos reis, nun momento marcado pola inestabilidade política e os novos ataques exteriores protagonizados polos normandos e polas razzias musulmás de Almanzor.



Dioceses galegas no s. VIII

1.2. ESPAZO E POBOACIÓN

Os límites territoriais da Galicia altomedieval correspóndense aos da Gallaecia do baixo imperio, ou sexa, cos da Gallaecia sueva. Haberá que agardar até o s. XII para que Galicia adopte a realidade territorial actual, tendo a súa fronteira sur no río Miño. Mais durante o período que nos ocupa Galicia abranguería o territorio que se estende ao oeste do Macizo Galaico, dende o Cantábrico até o río Douro.

As continuidades territoriais impóñense, mantendo as dioceses eclesiásticas o seu territorio, divisións e mesmo a toponimia anteriores. A incorporación á monarquía astur-leonesa non supuxo ningunha innovación na ordenación territorial, coincidindo os novos condados coa estrutura de vales, terras ou territorios preexistentes na Galicia altomedieval.

Polo que respecta á poboación, a ***villa*** (antecedente da aldea medieval) configúrase como o lugar de habitación e célula básica de ordenación do territorio. É un territorio ben definido espacialmente e que posúe unha delimitación perfectamente visible.

Nesta época tamén atopamos os **casais**, que é a célula básica de explotación do solo. Está composto pola casa e o espazo hortícola do arredor, mais os dereitos sobre os espazos incultos.

1.3. ECONOMÍA

A economía galega altomedieval caracterízase por unha agricultura moi primitiva e de baixos rendementos. Aínda persistirían métodos arcaicos como o das rozas, no que a un ano de cultivo sucederíase un longo período de abandono.

Na paisaxe agraria dominarían as zonas non cultivadas sobre as cultivadas. Xunto aos cereais tería un grande peso o cultivo de árbores froiteiras (maceira) e o viñedo, que non para de expandirse. Os espazos incultos, coma o bosque, xogarían un papel fundamental nesta economía agraria, fornecendo ao campesiñado de madeira, froitos silvestres e da caza, complemento importante da súa dieta.

Os grandes propietarios desenvolverían unha destacable actividade gandeira, mais parece que os pequenos campesiños tamén contarían con cabezas de gando. O resto de actividades económicas quedarían moi por baixo destas dúas, ficando coma complemento das economías dos poderosos como nas dos máis débiles (pesca, etc.).

Dispomos de escasos datos que nos permitan esbozar a situación do comercio altomedieval. Santiago aparecería coma o principal mercado galego, constatándose a existencia de comercio entre esta vila e a de León.

1.4. SOCIEDADE

1.4.1. Aristocracia: parentesco e patrimonio

Haberá que agardar até o s. XII para que a pertenza á nobreza adquira un estatuto xurídico. Durante o período altomedieval ser nobre era unha condición social pero non xurídica, o que impedía a súa transmisión hereditaria. Que era, pois, o que garantía esta posición social? Pois a pertenza a un grupo, ao que se accedía por parentesco, a través dunhas relacións horizontais (estrutura cogniticia, a través da liña materna e paterna), e a posesión dun amplo patrimonio, no que destacaba a posesión de terras. Deste xeito, canta maior fose a extensión das súas terras, máis poder terían os nobres. Os reis, necesitados de apoio, víanse obrigados a pactar con eles, outorgándolles, en compensación, máis terras, co que para garantir o seu apoio acaban reforzando á nobreza.

1.4.2. Campesiñado: grupo maioritario e heteroxéneo

Campesiñado é un termo xenérico que engloba a persoas de condicións moi heteroxéneas, tanto dende o punto de vista xurídico coma económico.

Atendendo a súa situación xurídica debemos diferenciar entre os campesiños libres ou inxenuos e os *servi* ou non libres. Como vemos, na sociedade altomedieval subsisten os servos, tan característicos do fin da Idade Antiga, aos que se unen agora novas remesas procedentes do mundo musulmán. Os servos non poden abandonar a

terra que ocupan e teñen unha función esencialmente produtiva. A importancia da servidume vai ir diminuíndo progresivamente, mais aínda atoparemos exemplos ben entrado o s. XII.

Por outra banda atopamos aos campesiños libres. A súa igualdade xurídica non comporta unha igualdade socioeconómica equivalente. Ao longo deste período acentuaranse os contrastes e vaise producir unha grande mobilidade social. Debido á forte presión señorial, cada vez será máis minoritario o sector do campesiñado libre que conservará as súas propiedades, converténdose a grande maioría nun campesiñado dependente dos señores, situación que será a predominante en centurias posteriores.

1.5. A IGREXA

1.5.1 A inventio *de Santiago*



O bispo Teodomiro descobre a tumba do Apóstolo

O achado dun sepulcro por parte do bispo Teodomiro nunha data non moi ben fixada, posiblemente no 813, vai situar, co tempo, un pequeno enclave da súa diocese de Iria como un punto de referencia espiritual, non só peninsular, senón de todo o orbe cristián. A descuberta ou "inventio" deste sepulcro foi vinculada rapidamente coa tradición de que o corpo do apóstolo Santiago estaría soterrado en Hispania, onde predicara en vida. A aceptación e a difusión da nova foi inmediata, sendo boa proba disto a visita que o propio rei Afonso II vai realizar ao lugar pouco tempo despois. Máis alá do debate sobre a verosimilitude ou non dunha tradición xurdida no s. V e da presenza ou non do corpo do apóstolo nesta tumba, cómpre deterse no contexto histórico-político que nos permite comprender o crecemento dunha vila, Santiago, capital para o devir da historia de Galicia, lugar de peregrinación e centro espiritual do occidente cristián. Deste xeito:

1. Este período vén marcado pola loita entre a nobreza laica e a xerarquía eclesiástica pola superioridade económica e o predominio político en Galicia. Unha disputa que se vai decantar do lado eclesiástico e que atopa neste descubrimento un apoio as súas posicións.
2. A presenza do corpo do apóstolo Santiago érguese coma un referente ideolóxico que reforza os vínculos entre os reinos cristiáns fronte ao califato de Córdoba.
3. Posuír unha sede apostólica permítelles aos reinos cristiáns do norte da península arrebatar a supremacía eclesiástica á igrexa mozárabe.
4. Santiago sitúa aos reinos cristiáns peninsulares no orbe cristián, pudendo reclamar o seu posto fronte ao poderoso reino carolinxio.

A xerarquía eclesiástica, fomentada pola Coroa no seu proceso centralizador, acabou por ter unha hexemonía indiscutible na Galicia altomedieval.

1.5.2. O monacato

No s. X o monacato, de longa tradición na Gallaecia, vaise consolidar de tal xeito, que se vai converter nun dos protagonistas esenciais da sociedade galega até ben entrado o s. XIX, cando se produza o proceso de desamortización.

Nun primeiro momento estes mosteiros, que tan importante papel xogaran na cristianización de Galicia, van ser apoiados pola monarquía e sostidos (e fundados) polas principais familias nobiliarias, que os vían como un medio de preservar o seu patrimonio, evitando a disgregación deste por motivos hereditarios. Aparecerán, así, mosteiros masculinos, femininos ou mesmo dúplices, onde conviven homes e mulleres, en ocasións familias enteiras.



Mosteiros familiares da nobreza altomedieval galega

Este monacato familiar, de inspiración visigoda e con importante influencia da obra de san Rosendo, ira sendo absorbido por grandes mosteiros, desaparecendo a súa influencia a partir do s. XI, cando entren en Galicia correntes francesas do monacato, que tan importante papel van xogar posteriormente: os beneditinos e os cluniacenses.

2. A PLENA IDADE MEDIA (1037-1284)

2.1. EVOLUCIÓN POLÍTICA

É nestes séculos centrais da Idade Media cando Galicia fixe a grandes trazos o territorio que conserva até a actualidade. A independencia de Portugal, iniciada arredor da figura de Afonso Henriques no 1128, divide a Gallaecia romana e sueva cunha nova fronteira (moi permeable) que separa a Portugal e Galicia no río Limia. Por outra banda, o noso país xogará un papel moi importante no discorrer dos reinos cristiáns peninsulares até a segunda metade do s. XIII, cando forme parte dunha Coroa de Castela orientada cara ao sur peninsular.

Seguindo a López Carreira, podemos dividir este período en tres etapas diferenciadas: Unha etapa de inestabilidade política do s. XI, a Era Compostelá e Galicia na Coroa de Castela.

2.1.1. A inestabilidade política do s. XI (1037-1092)

Fernando I de Castela reina en Galicia até o 1065, ao estar casado coa irmá de Vermudo III. O rei,, que unira na súa persoa as coroas de Castela e León, pouco despois da súa coroación, acaecida no 1035, tivo que someter a alta nobreza galega, derrotándoa e confiscándolle os bens. Afonso VI tamén tivo que contar unha nova sublevación de nobres no 1087, á que conseguiu derrotar. Será este monarca quen constitúa no ano 1092 dous condados distintos en Galicia, o de Galicia e o de Portugal. Namentres, Galicia vivira un breve período independente baixo o reinado de García (1035-1071).

2.1.2. A Era Compostelá



Reino de Galicia en tempos de García

O s. XII é coñecido coma a Era Compostelá ou Época de Xelmírez, polo grande peso político e cultural que vai ter este bispo compostelán (1100-1136), primeiro arcebispo (1104) e, en definitiva, a sede metropolitana de Santiago de Compostela, dignidade que el mesmo conseguiu do Papa (1120), non só vida de Galicia senón tamén do reino de León nestes anos.

O papel que xogou Galicia neste período foi moi destacado. Temos que ter en conta que:

1. *Grande peso territorial de Galicia no reino de León.*

Xa antes que Xelmírez e o groso da nobreza galega encabezada polo conde de Traba pulasen pola coroación de Afonso Reimúndez coma rei (1111), nos dous últimos terzos do s. XI a nobreza galega se erguera contra os reis reclamando a súa autonomía e peso político. Deste xeito, que Xelmírez e a nobreza galega nomeen a Afonso Reimúndez coma rei de Galicia, contra as pretensións de Afonso I o Batallador, agora novo marido de dona Urraca (nai de Afonso Reimúndez), é un novo episodio da rebelión dos nobres galegos. A definitiva consolidación de Afonso VII amosa o poder adquirido pola nobreza galega na dinámica política dos reinos cristiáns.

2. *O papel eclesiástico de Compostela.*

Xelmírez conseguiu converter a Santiago na única sede metropolitana do reino. Compostela, que se convertera poucos anos da chegada de Xelmírez en sé episcopal dependente directamente de Roma (1095), vai ver, grazas a obra do seu bispo, como en poucos anos pasa a ser recoñecida como sede arcebispal (1104), a sede metropolitana, con outras dioceses dependentes, primeiro con carácter temporal, substituíndo a Mérida, en poder dos musulmáns, para selo definitivamente, por dereito propio, no 1124.

O arcebispo tamén ideou converter á súa catedral coma panteón real, que non só reforzaba o seu carácter simbólico-espiritual dentro do reino, senón que tamén a converteu nunha das principais receptoras de bens e señoríos por parte da Coroa.

3. *O nacemento de novas demarcacións territoriais.*

Os monarcas van instaurar unhas novas demarcacións territoriais, os *comitatus* ou tenencias. Estas demarcacións van estar rexidas por membros da nobreza laica, que constitúen a elite da sociedade galega da época. Até o s. XII a dignidade de conde, que parece ser foi vitalicia, recaeu en membros da familia Traba.

Por outra banda, tanto Fernando II coma Afonso IX fomentaron e protexeron, especialmente o primeiro, o establecemento de mosteiros cistercienses en Galicia. Esta protección da Igrexa, coa concesión de terras, vai provocar que gran parte do territorio escape do control directo do monarca.

No reinado de Fernando II tamén se producirá o nacemento de numerosas vilas, expoñente, como veremos, dunha época de expansión económica.

2.1.2. Galicia na Coroa de Castela (1230-1284)

A unión das coroas de Castela, León e Galicia na persoa de Fernando III vai significar o afastamento de Galicia do primeiro plano político peninsular. As conquistas no Al-Andalus, especialmente a de Sevilla no 1245, vai supor un novo centro de gravidade política, máis orientado cara ao sur, co que Galicia quedará nunha posición excéntrica, periférica. Boa mostra deste papel secundario de Galicia é o escaso peso da nobreza galega nestas conquistas peninsulares, a reiterada ausencia dos reis no

noso país, que só visitarán dúas veces en máis de 50 anos. Nace unha nova figura administrativa, o Meiriño Maior de Galicia, á que o monarca lle atribúe atributos xudiciais e administrativos. Con Afonso X aparecerá o Adiantado Maior, que terá o papel equivalente a un vicerrei.

O Rei Sabio manterá unha forte oposición á sede compostelá, forzando mesmo a fuxida do arcebispo Gonzalo Gómez a Roma, ao tempo que apoiará as aspiracións burguesas das cidades episcopais galegas. Non é de estrañar que os nobres galegos apoien no 1282 a rebelión do seu fillo, Sancho, quen finalmente termine por coroarse coma Sancho IV.

2.2. A ORGANIZACIÓN DO ESPAZO

Nos séculos centrais da Idade Media vanse producir unha serie de transformacións que van marcar a paisaxe galega até tempos moi recentes: as aldeas encherán o espazo rural, xurdirán as parroquias, configuraranse os grandes dominios eclesiásticos e as cidades, insignificantes no período altomedieval, nacerán e crecerán integradas perfectamente na súa contorna rural.

2.2.1. A reordenación do espazo rural

Como afirman M.C. Pallares e E. Portela, “na fin do s. XIII creouse en Galicia unha paisaxe rural cuns trazos esenciais que non se alteraron profundamente até épocas moi recentes”.

A partir dos séculos X e XI as aldeas enchen o espazo rural entre o Cantábrico e o Douro. O crecemento demográfico vai provocar que estas aldeas se dividan, debido fundamentalmente ás reparticións hereditarias. Crearanse explotacións individuais, os casais, ampliándose os cultivos aos espazos adxacentes, ao tempo que se crean novas aldeas. Nesta expansión xogarán un grande papel os monxes, especialmente os cistercienses, quen a partir de mediados do s. XII, coa creación de granxas, explotacións agrícolas perfectamente organizadas que aportarán novos cultivos, consolidarán todo o proceso expansivo.

Outra das innovacións cunha forte pegada para o futuro é a creación das **parroquias**. Establécense arredor da igrexa á que acoden os habitantes das distintas aldeas. Prodúcese, deste xeito, o nacemento da freguesía, como o conxunto de persoas que acoden aos servizos divinos a un mesmo templo. Como podemos observar, é o factor eclesiástico o principal motor de agrupación nas comunidades rurais. As freguesías e as parroquias configurarán un grupo de poboación que se vai distinguir perfectamente das comunidades veciñas, tendo festas e propiedades comunais propias.

Neste momento formaranse os grandes dominios eclesiásticos, sobre todo por parte dos mosteiros cistercienses e das catedrais. A Igrexa convértese na principal propietaria de terras en Galicia e vaino continuar sendo durante todo o Antigo Réxime (boa proba é que cando se produzan as desamortizacións no s. XIX, o 80% das propiedades afectadas sexan de titularidade eclesiástica).

A última grande achega destes séculos medievais para o agro galego é a fixación do contrato agrario por excelencia até o s. XX: o **foro**. Xeneralízase a partir de fins do s. XII, debido á conxuntura expansiva demográfica e económica, á xa citada acumulación de propiedades por parte das institucións eclesiásticas e ás aspiracións dos campesiños para faceren valer a súa forza de traballo e os dereitos sobre as terras que traballan. As características fundamentais deste contrato son as seguintes:

1. A longa duración dos contratos: varias voces (xeracións) ou mesmo a perpetuidade.

2. O pagamento de rendas variadas por parte dos foreiros.
3. A obriga para o foreiro de cultivar e mellorar as terras.
4. A obriga de vasalaxe do foreiro ao forista.
5. O compromiso de se ampararen mutuamente.

2.2.2. O renacemento urbano

A historiografía actual explica o nacemento (ou rexurdir) e o desenvolvemento do fenómeno urbano nestes séculos centrais da Idade Media como unha consecuencia da expansión do sistema feudal. Fican superadas explicacións que explicaban este renacemento urbano como algo alleo ou mesmo enfrontado coa sociedade rural coetánea. Como ben estudaron Pallares e Portela para o caso galego, as cidades nacen, desenvólvense e están imbricadas na sociedade rural, facilitando a venda dos excedentes agrícolas que a expansión do modelo feudal xeraban.

Para o período medieval galego poderiamos establecer tres etapas diferenciadas no fenómeno urbano:

1. A "prehistoria" (s. VIII – s.XI):

No s. XI só podemos falar de Santiago como único núcleo urbano (amurallado). Segundo López Alsina, Compostela convértese en tempos de Fernando I na "primeira comunidade local galega socialmente diversificada".

2. A aceleración da urbanización (princ. s. XI – princ. s.XIII):

Xunto a Santiago vanse desenvolver as outras cidades episcopais. Todas ficarán baixo a dependencia de cadanseu bispo, sometidas ao seu señorío. Lugo, de gran pasado verá como Afonso VI lle conceda un foro no 1088, co que se irá desenvolvendo, asistindo en pouco tempo a conflitos entre os burgueses e o bispo. Ourense e Tui, restauradas a fins do s. XI, crecerán no s. XII. Mondoñedo, pola súa banda, malia ter categoría de cidade dende 1156, vivirá unha atonía que explica o nacemento de Ribadeo no 1182.


Santiago no s. XII

Afonso VII, Fernando II e, especialmente Afonso VIII, dotarán de carta de aforamento a numerosas vilas, nun proceso de repoboación interior. Deste xeito xurdirán Allariz (Afonso VII), Ribadavia, Padrón, Viana do Bolo, Burgo de Caldelas e Monforte (Fernando II), ou Salvaterra e Verín (Afonso VIII). Este último monarca fomentará o Camiño de Santiago coma concesión de foros a Vilanova de Sarria, Triacastela, Portomarín, Melide e Arzúa.

Por outra banda tamén se fará un grande esforzo na zona costeira coa aparición de Noia, Pontevedra ou o Burgo de Faro (Fernando II), ou Betanzos, Ferrol, Viveiro, Baiona e A Guarda (Afonso VIII).

3. A consolidación da urbanización (s. XIII):

Esta época vén marcada polo constante enfrontamento entre os burgueses e os bispos nas cidades episcopais, cuns monarcas que tenten facer valer a súa posición nos conflitos: Fernando III ameazará con castigar os excesos do señorío eclesiástico e con Afonso X mesmo se chegará a suprimir este señorío.

Esta etapa de consolidación non exclúe a fundación de novas vilas, sobre todo no reinado de Afonso X, no que se denomina a "repoboación serodia". Neste momento créanse Outeiro de Rei, Monterrei, Caldas de Reis, Ortigueira, Pontedeume, Redondela ou Muros.

O nacemento dos núcleos urbanos foi posible grazas ao desenvolvemento demográfico, agrícola e comercial. As cidades converteranse nas principais canalizadoras dos excedentes agrícolas, así como uns importantes puntos de produción de bens destinados a seren consumidos fóra das súas murallas.

Xunto a estes factores socioeconómicos, cómpre destacar o papel que a monarquía e a Igrexa van xogar na configuración destes núcleos. Non van ser os causantes do proceso, senón que o que tentarán será de controlalo. O interese dos monarcas mirará por afianzar a súa posición política fronte á perda de poder directo sobre o territorio froito da concesión de privilexios que deran á nobreza, sobre todo eclesiástica, dende o século anterior. A xerarquía eclesiástica loitará por conseguir manterse como señores nas súas sés episcopais e dominar os núcleos que se levanten na súa área de influencia.



Núcleos urbanos na Galicia medieval

Na Galicia medieval non van existir cidades verdadeiramente autónomas. Nin sequera existiu a posibilidade de que chegasen a selo. A única opción posible será decantarse pola dependencia do rei ou pola dependencia do señor. E os habitantes preferirán a dependencia directa do rei (un poder máis afastado) que o exercicio máis abafante do poder que levan a cabo os señores locais.

Nos foros fíxanse un cadro mínimo de liberdades políticas -concretadas en privilexios de xustiza e exencións fiscais- que podían contribuír a aumentar o peso e a influencia das clases urbanas. No SO de Galicia os concellos alcanzaron na segunda metade so s. XIII o grao de fortaleza suficiente para enfrontarse, con bastante éxito, aos señoríos monásticos da rexión. Mais a dependencia vai ser a norma destas novas vilas, non só unha dependencia directa ao seu señor, senón tamén dependencias indirectas (a través do control do proceso económico). Veremos o peso enorme das institucións eclesiásticas, que interveñen na urbanización, canalizando excedentes agrarios, mediatizando o desenvolvemento urbano, xa que non van permitir ás cidades reordenar o seu espazo agrario circundante. As posibilidades de acumulación de capital para ser investido en negocios urbanos é moi reducida ou nula. O nacemento dun auténtico patriciado urbano é imposible nas cidades galegas.

O feito urbano é un elemento importante da transformación social profunda que caracteriza á Galicia do s. XII e dos primeiros anos do s. XIII, da que sairá un sistema de relacións entre os homes que, en moitos dos seus elementos substantivos, poderá ser recoñecido aínda ben entrada a época contemporánea.

2.3. ECONOMÍA

2.3.1. A agricultura

O crecemento demográfico obrigou á poboación galega a intensificar a produción agrícola. Deste xeito ampliouse a superficie cultivada e diversificouse e intensificouse a explotación das terras xa cultivadas dende antano. A isto axudaron as melloras nos apeiros de labranza (co uso do ferro e a utilización dos arados de veso),

a mellora nas formas de tracción animal (substituíndo aos bois por cabalos) e a xeneralización dos muíños de auga.

No que atinxe aos cultivos, intensificáronse os cereais (trigo, centeo, cebada e millo miúdo), sobre todo os cistercienses que acadaban 2 colleitas cada 3 anos, para o que se valían dunha rotación de cultivos, dividindo o terrado en agros ou leiras. Os monxes brancos tamén son protagonistas na forte expansión do viñedo, á que se suma a nobreza laica, e que explica a riqueza de vilas coma Ourense e Ribadavia. Por último, cómpre destacar a produción hortícola, centrada nas árbores froiteiras (maceiras).

Como complemento á agricultura atopámonos coa gandería, o bosque, a pesca marítima e fluvial (de grande importancia, as pesqueiras ficaban en mans señoriais) e a produción de sal.

2.3.2. A actividade artesanal e comercial

A aparición dos burgos vai provocar a concentración neles das actividades artesanais que antes se atopaban dispersas polo rural. Entre estas actividades destacan a téxtil (confección de panos, de la e liño), a construción (coa presenza de *fabri* ou obreiros nas vilas), a madeira e as peles. Nas vilas vinculadas á ruta xacobea atoparemos cambiadores, prateiros, albergueiros e concheiros.

Malia as disposicións legais na súa contra, condenando as súas prácticas restritivas, os gremios, asociacións de artesáns, aparecen nas vilas galegas. Boa proba é a existencia de rúas que levan os seus nomes.



Localización das granxas dos mosteiros cistercienses

O comercio é unha actividade esencial da vida urbana. O privilexio de celebrar mercado e feira xa vén estipulado no foro co que os monarcas dan orixe á vila. É unha actividade que incide na morfoloxía das cidades, sendo as prazas un dos lugares máis importantes. Nas vilas costeiras vai ir vinculado ao desenvolvemento das actividades marítimas.

2.4. SOCIEDADE

A organización social presenta unha clara dualidade entre señores e campesiños. Os primeiros, nobreza eclesiástica e laica, van ostentar o monopolio do exercicio do poder público, obtido dos monarcas grazas a concesión de cartas de acoutamento ou de couto. A través delas os reis, buscando aliados entre a nobreza, delega a administración local de certos territorios (e as súas rendas), reservándose a supervisión de todo o sistema.

En Galicia veremos como os señores controlarán os concellos dos nacentes núcleos urbanos, nomeando aos seus representantes (xuíces, xustizas).

2.4.1. O clero

É un grupo tan complexo e variado como a propia sociedade. Mais a xerarquía eclesiástica, representada polos abades, monxes, bispos e cóengos, vai ocupar o primeiro posto da sociedade, ao que hai que unir o seu poder espiritual, a súa superioridade económica e os seus privilexios (situarse fóra da xustiza ordinaria).

2.4.2. A nobreza laica

Propietaria de grandes bens territoriais e delegada do poder real, tiña na función bélica (a guerra e a defensa doutros membros da sociedade) a súa razón de ser. Con importantes privilexios (as exencións fiscais ou a xustiza impartida por iguais), neste período vai sufrir unha forte inestabilidade, xa que sen estar aínda establecidas as liñaxes, só poden manter a súa riqueza manténdose preto do poder e recibindo concesións e cargos.

Os cabaleiros formarían unha nobreza de segunda fila, cunha fortuna variable.

2.4.3. O campesiñado

Entre os séculos XI e XIII asistimos a unha progresiva desaparición da servidume. Nestes séculos centrais imponse a familia nuclear, que en grande medida, van sufrir unha forte explotación, derivada fundamentalmente das prestacións persoais que teñen que realizar coma arrendatarios de terras e ao exercicio do poder público por parte dos señores.

2.4.4. A sociedade urbana

Estamos ante unha realidade complexa, onde non todos quen a conforman teñen a mesma condición. Nos estratos altos atopariamos a cabaleiros e cóengos, aos que acompañarían, nun chanzo inferior, a burguesía do comercio e dos grandes artesáns, mais cunha confluencia de intereses, que os converte nos protagonistas dos conflitos contra o señorío episcopal. Pola outra banda estaría o resto da poboación urbana, entre a que salientariamos á minoría xudía.

2.5. A IGREXA

No s. XI a igrexa galega, coma o resto da peninsular agás Cataluña, posuía unha liturxia propia, a mozárabe ou visigótica, ben diferenciada da romana. A chegada ao papado de Gregorio VII vai supor que a Igrexa romana se decida a implantar o seu rito tamén na península. Nesta tarefa o Papa vai contar coa axuda dos monxes cluniacenses, que tamén importarán un novo modelo de monacato, universalizando a regra beneditina. Finalmente, no 1080 un concilio que ten lugar en Burgos acepta a substitución da liturxia para todos os territorios de Castela, León e Galicia, mudanza que se realizará lentamente e ante a que xurdirá a oposición de determinados sectores nos primeiros momentos.

2.5.1. O auxe de Santiago

A presenza do sepulcro do Apóstolo en Compostela convertera a este nucleo na cabeza da diocese de Iria. Porén, non será até o 1095 cando o Papa a erixa en diocese co privilexio especial de depender directamente da Santa Sé. Será o bispo Diego Xelmírez quen culmine o ascenso de Santiago, ao obter para a súa sé a antiga dignidade arcebispal de Mérida, aínda en poder dos musulmáns, no 1120. A causa disto, as antigas dioceses que dependían de Mérida pasaron a prestar obediencia ao prelado compostelán, que dende entón era o seu metropolitano. Fronte a estas dioceses, entre as que se atopaban Salamanca, Cidade Rodrigo, Ávila, Coria, Plasencia, Évora, Lisboa ou Idaña-Guarda, as outras catro dioceses galegas permaneceron até finais do s. XIV integradas na provincia eclesiástica de Braga, cando a definitiva independencia de Portugal modifique o panorama eclesiástico de Galicia.

2.5.2. A Reforma Cisterciense

A principios do s. XII aparecen en Galicia un grande número de mosteiros que seguen a regra beneditina segundo o exemplo do cenobio francés de Cluny. Esta expansión, realizada á par da reforma gregoriana, tivo unha rápida decadencia, sendo substituída por unha nova reforma monástica procedente de Francia: a orde do Císter, que promulgaba unha nova volta ás orixes beneditinas, cunha volta á pobreza e á simplicidade da vida monástica.

Os mosteiros cistercienses expandíronse rapidamente por toda Europa, tendo unha especial repercusión na nosa terra. Ademais dos chamados monxes brancos, outros moitos mosteiros que nacerían a partir do 1130 en Galicia terían un forte influxo cisterciense. O decidido apoio dos reis, a través da concesión de cartas de couto, acabará por consolidar a súa posición, atopándonos con 12 destes cenobios durante o s. XII.

2.5.3. A chegada dos mendicantes

Non se pode explicar a aparición das ordes mendicantes sen ter en conta o desenvolvemento urbano que se produce nesta época. As cidades, a realidade na que se van inserir e na que van realizar a súa acción. Franciscanos e dominicos, as ordes monásticas máis importantes, chegarán de seguida a Galica a través dos núcleos urbanos do Camiño de Santiago.

Malia os constantes enfrontamentos co clero secular presente nas vilas, que os vían coma uns serios competidores nas esmolas e nas doazóns dos fieis, os mendicantes atoparon o seu lugar na sociedade galega, como podemos observar no papel destacado que xogou para a nobreza galega, que converteu a súas igrexas en verdadeiros panteóns (Betanzos para os Andrade, San Domingos de Bonaval en Santiago para os Moscoso, ou San Francisco de Pontevedra para os Soutomaior).

3. A BAIXA IDADE MEDIA (1284-1474)

3.1. EVOLUCIÓN POLÍTICA

3.1.1. S. XIV: entre a crise e os conflitos xeneralizados

Galicia entra no s. XIV cunha situación similar ao resto dos reinos da monarquía: sumida en medio de conflitos xeneralizados, tanto entre a nobreza, polo control da Coroa, como entre os burgueses contra o señorío episcopal, como a que se vive en Ourense, o que leva a Sancho IV a presentarse na cidade no 1386, aínda que con escasos resultados. Esta situación de desgoberno agravarase coa crise económica e demográfica provocada pola sucesión de malas colleitas e a expansión de epidemias, que van marcar os reinados deste rei, de Fernando IV e as rexencias de María de Molina.

O reinado de Afonso XI (1325-1350) vai supor un restablecemento da autoridade real, que quedará plasmada lexislativamente nas Ordenanzas de Alcalá (1348). O monarca visitará Santiago no 1331 e a tranquilidade que impón no reino facilitará a reactivación das peregrinacións.

A segunda metade de século virá marcada pola guerra civil aberta entre o rei Pedro I e o pretendente Henrique de Trastámara, apoiado por Aragón. Galicia xogará un papel activo no conflito, contando o monarca alcumado o Cruel cun aristócrata galego entre os seus principais apoios, Fernando de Castro. O propio monarca ordenará a execución do arcebispo e do deán da catedral de Santiago. Mesmo despois do “fratricidio de Montiel” (1369), que supón o ascenso de Henrique II á Coroa e a entronización da dinastía Trastámara, Fernando de Traba volverá sublevar

Galicia, aínda que o novo rei terá a situación controlada xa no 1371. Durante o reinado de Xoán I (1369-1380), o aspirante ao trono Xoán de Gante, promoverá a entrada das tropas dos seus aliados ingleses en Galicia (1386), buscando o tradicional apoio á causa petrista que, nesta ocasión, non atopará.

3.1.2. S. XV: do poder da nobreza á revolta irmandiña

De caracterizar dalgún xeito a vida política deste século en Galicia e na coroa de Castela, da que forma parte, teriamos que salientar o progresivo debilitamento da monarquía, do seu poder e prestixio, así como a constante loita entre diferentes faccións nobiliarias, cun poder que se acrecenta co paso do tempo.

Galicia mantén a súa posición excéntrica no conxunto dos territorios da coroa castelá. Cuns reis que non impoñen a súa autoridade, as constantes loitas entre os bandos nobiliares, os excesos da aristocracia e o bandoleirismo exercido dende as fortalezas señoriais, levarán ao noso país a unha situación anárquica, de desgoberno e de impunidade, de fondas repercusións sociais e económicas que derivarán no levantamento irmandiño.

3.2. ENTRE A CRISE DEMOGRÁFICA E A RECUPERACIÓN

Na primeira metade do s. XIV as malas condicións climáticas, marcadas polas abondosas chuvias, ocasionou repetidas malas colleitas (1310, 1311, 1326, 1333-35 ou 1342-47), o que comportou períodos de fame que elevaron a mortalidade.

A Peste Negra arribou á costa galega en outubro de 1348, no que xa existe constancia dos seus efectos en Baiona. O andazo estendeuse polo interior a finais de ano e no ano seguinte Galicia vai sufrir as súas mortais consecuencias.



Evolución do número de veciños na cidade de Ourense

A regresión demográfica é incuestionable para esta período. As consecuencias máis importantes daríanse nas vilas, onde maior era a concentración da poboación. Malia que se documenta a presenza de lugares ermos e despoboados, o que se producirá será unha redistribución da poboación, que abandona as zonas menos produtivas e pasa a ocupar as zonas máis ricas, xustamente as que foran máis afectadas pola peste.

Galicia vive unha débil recuperación demográfica durante a primeira metade do s. XV, aínda que con diferenzas entre as distintas comarcas. Esta será máis rápida nas vilas, as máis afectadas no século anterior, que se observa na construción de novas rúas e igrexas.

3.3. ECONOMÍA

3.3.1. A agricultura

Base da economía, as malas colleitas e os efectos da Peste Negra provocaron o abandono de boa parte das terras cultivadas. O descenso da poboación comportou a supresión do cultivo intensivo, que non se retomará até ben entrado o s. XVI

A influencia da crise percíbese no aumento do cultivo das árbores (froiteiras), debido á escaseza de man de obra. De igual xeito, a expansión do viñedo explícase pola demanda de viño nas vilas, mais fundamentalmente porque se converte no produto máis importante do comercio exterior galego ao entrar no mercado europeo aproveitando as consecuencias da Peste Negra en Francia.

A gandería continuou a ser o principal complemento da agricultura. Sen grandes transformacións respecto do anterior, si que se aumentou a exportación de coiros. Por outra banda, nestes séculos finais da Idade Media asistimos ao despegue da pesca marítima, desenvolvéndose as artes pesqueiras que se manteñen até a actualidade (trasmallo, xeito). Cunha grande variedade de capturas, a sardiña destacouse coma o produto estrela.

3.3.2. O comercio: auxe do comercio marítimo e Santiago

O comercio marítimo galego vai vivir unha época dourada a partir do último cuarto do s. XIV, cando E. Ferreira mostra como os comerciantes galegos xa entraron nas rutas do Mediterráneo. Segundo esta autora, “A Coruña era, indiscutiblemente, o porto máis cosmopolita de toda a costa norte do reino de Castela”. Este porto, xunto a Pontevedra, Noia e Muros, son os máis importantes da nosa terra, e co seu desenvolvemento ven acompañado do crecemento dos seus portos subsidiarios, asistindo a unha loita entre eles polos privilexios para comerciar. Nesta liña destacan os existentes entre Marín e Pontevedra ou os que existen na ría de Arousa, entre Vilanova ou A Pobra contra Padrón.

Con todo, Santiago continúa a ocupar o primeiro lugar no eido comercial. Esta vila canalizará os produtos do comercio marítimo, ademais de se erixir como o principal centro de redistribución do comercio do viño.

3.3. A SOCIEDADE BAIXOMEDIEVAL

3.3.1. O campesiñado

O grupo maioritario da sociedade foi quen máis sufriu as consecuencias das fames e os efectos dos andazos de peste ao longo do s. XIV. Nos momentos máis álxidos da crise veranse obrigados a vender as súas propiedades aos señores, sufrindo o endurecemento das condicións dos seus arrendamentos. Mais os que superen este período, froito do descenso da poboación, verán como mellore as súas condicións debido ao seu máis amplo marxe de negociación pola falta de man de obra.

Por outra banda, é o campesiñado o que vai soportar dun xeito máis directo co clima de violencia xeneralizada destes séculos, destacando a violencia que sofren dende os castelos e fortalezas.

3.3.2. A nobreza eclesiástica

A gran propietaria da terra en Galicia, van consolidar a súa posición grazas a novos beneficios da monarquía, en forma de diñeiro e rendas, entre os que destacan os recibidos pola catedral de Santiago. Mais é a propia debilidade da monarquía a que

vai permitir que sufra continuos atropelos por parte da nobreza laica, cun uso abusivo da forza e da figura da **encomenda**. Esta, que consistía na relación de dependencia persoal entre dúas persoas libres, na que unha parte, o encomendeiro, ofrecía protección en favor do encomedado, o cal lle aportaba en compensación o ofrecemento de fidelidade e determinados servizos, vai ser imposta pola forza por parte da nobreza laica a mosteiros e catedrais, substraéndolles bens e rendas, o que vai provocar queixas constantes dos afectados.

3.3.3. A nobreza laica

E. Portela comprobou como ao longo do s. XIII a nobreza laica asistiu á perda do seu prestixio social a causa da perda da súa base económica, a propiedade da terra. Deste xeito non lle quedará máis recurso que recorrer á violencia e á usurpación, ou no seu caso á monarquía, para manter a súa preponderancia social.

No período baixomedieval comprobamos a desaparición das grandes familias aristocráticas que tanto peso tiveran en séculos anteriores e o ascenso, a partir de mediados do s. XIV, dunha nova nobreza, antigos cabaleiros, que se apoia na nova dinastía reinante, os Trastámara. Os Soutomaior, Moscoso, Andrade, Ulloa ou Osorio ocuparán nestes séculos un lugar moi relevante na vida política galega. A diferenza do que acontecía en séculos anteriores, estamos ante verdadeiros liñaxes, identificados cos seus escudos de armas, no que o sexo (varón) e a primoxenitura é o factor condicionante da sucesión hereditaria, e onde o morgado garante a integridade do patrimonio familiar.

Xunto a estas grandes familias aristocráticas atopamos outras casas nobres de menor envergadura, así como simples cabaleiros que son membros das milicias das grandes casas.

3.3.4. A sociedade urbana

O ascenso dos Trastámara referendou o señorío episcopal sobre as cidades, que tan violentamente se combatera nos séculos anteriores. Deste xeito os concellos quedaban mediatizados pola intervención dos seus respectivos señores, mais tamén baixo a influencia e poder da nova nobreza laica, que instala a fidalgos e a cabaleiros dentro das vilas.

A sociedade urbana é moi complexa e acolle a persoas de moi diferente posición social. Entre os privilexiados habería que contar aos ricos homes, cabaleiros fidalgos, rexedores do concello e o clero urbano, así como os grandes mercaderes (Pontevedra ou Santiago) e a grandes artesáns. Noutro grupo estarían os veciños, habitantes sen privilexios e que pagarían impostos (peiteiros). Este grupo abranguería a mareantes, labregos ou pequenos comerciantes. No estrato inferior atopariámonos cos colectivos marxinais: os pobres, tanto os chamados fiscais (que non teñen capacidade de pagar impostos) coma os pobres de Deus, os pobres de solemnidade.

A situación de violencia xeneralizada, os abusos e as malfeitorías dos nobres afectaron dun xeito moi considerable ás actividades urbanas, sobre todo ao comercio.

3.4. O LEVANTAMENTO IRMANDIÑO E A CONFLITIVIDADE SOCIAL DOS S. XIV-XV

Galicia vive nunha situación de forte conflitividade social a fin da Idade Media. O levantamento irmandiño, que en palabras de J. Valdeón constitúe a revolta antifeudal máis importante de toda a Idade Media, é o momento cumio deste período, até o punto de ser cualificado por algúns historiadores coma unha auténtica revolución (López Carreira). Mais os conflitos non eran novos e víronse agravados pola situación de anarquía e desgoberno que presidiu estas centurias, en especial o s. XV, froito da

debilidade da monarquía. Deste xeito, seguindo a Pérez Rodríguez, nas décadas anteriores á revolta irmandiña teriamos que salientar:

1. *A conflitividade entre cidades e os bispos e a confirmación do señorío episcopal (1294-1350).* A emancipación do señorío episcopal que viviron Santiago e Lugo a fins do s. XIII, animou a outros concellos, como o de Ourense, a tentar de obter a mesma situación. Os conflitos foron moi importantes, destacando as sanguentas consecuencias da vitoria do arcebispo Berenguel de Landoira fronte ao concello de Santiago, así como o acontecido en Lugo (1345), na propia cidade das Burgas ou en Viveiro. Finalmente, malia a oposición dos concellos, os bispos viron recoñecidos o seu señorío sobre as vilas galegas.

2. *As guerras (segunda metade do s. XIV)*. Neste período vívese unha situación de anarquía, de auténtica guerra civil, onde se impón a lei do máis forte. Ao finalizar, alzarase unha nova nobreza, a chamada trastamarista.

3. *A preparación da guerra irmandiña (1400-1465)*. Na primeira metade do s. XV vanse constituír unha serie de irmandades que, dun xeito máis local, prefigurarán o grande levantamento irmandiño. Na cidade de Santiago organizarase unha irmandade no 1418. Capitaneada por Rodrigo Sánchez de Moscoso, erguerase no 1422 para que Santiago sexa declarada de reguengo, mais fracasará nas súas demandas. Outro tanto sucederá en Ourense no 1418-19.

Máis importante vai ser o levantamento que se produza contra o señorío dos Andrade entre os anos 1431 e 1434. Esta revolta, que se iniciou nas comarcas de Pontedeume e Betanzos, estendéndose posteriormente polos bispados de Lugo e Mondoñedo e mesmo ao arcebispado de Santiago, terá certos trazos que prefiguran a posterior revolta irmandiña: as actuacións contra as malfeitorías cometidas polos señores e o derrubamento das fortalezas. Mais a diferenza da grande revolta, a irmandade, dirixida polo fidalgo Roi Xordo, terá coma protagonistas fundamentais ao campesiñado, organizados contra os abusos señoriais.

3.4.1. A Revolta Irmandiña (1467-1470)

O levantamento antiseñorial que se vai producir dun xeito xeneralizado en Galicia no 1467 non é só un acontecemento capital deste período, senón que vai ter unha fonda repercusión no futuro da historia da nosa terra. Ademais das consecuencias políticas da derrota irmandiña, este levantamento vai ocupar un papel central no imaxinario colectivo, reivindicándose dende posicionamentos máis ou menos mitificadores. O que foi o levantamento-revolta antifeudal máis importante do período medieval vaise analizar, moitas veces, dende puntos de vista máis ideolóxicos que dende a simple análise histórica.

Non hai un consenso para cualificar este levantamento. Algúns autores, como López Carreira, falan de revolución irmandiña, fronte a outros, como Pallares e Portela, que xustifican a utilización do termo revolta. Para estes autores, o levantamento non tivo coma obxectivo combater o sistema social, político ou económico en que se vivía na Galicia de fins do s. XV, senón só loitar contra os abusos que se producían. Por outra banda, opinan que as consecuencias deste levantamento non tiveron nada de “revolucionario”, polo que cren máis acaída a expresión revolta. Deste xeito, máis que de revolta antifeudal habería que falar dunha revolta no marco da feudalidade. Sendo todo isto certo, é moi axeitado utilizar o cualificativo de revolucionaria para definir a situación da Galicia entre 1467-1470, coa expulsión dos principais señores de Galicia, o derrocamento das súas fortalezas, e o control e o exercicio do poder por parte da Irmandade Xeral.

Tal como demostrou C. Barros, é o desexo de xustiza, unha mentalidade xusticieira contra os abusos, violencias e malfeitorías que se perpetraban dende as fortalezas por parte dos señores, o que está detrás deste levantamento xeral. A

situación de desgoberno que se vive en Castela vai facilitar que o propio rei Henrique IV bendiga a Irmandade que se constituíra en Galicia nese ano. O levantamento, como dixemos, foi xeral, e nel van participar as cidades, os campesiños e mesmo da baixa nobreza. A actuación é xeneralizada en toda Galicia e comezando polo Castelo Ramiro, en Ourense, vanse derrubar máis de 155 fortalezas e castelos, a práctica totalidade das existentes na nosa terra, entre as primaveras de 1467 e 1468. O propio Henrique IV, coa aprobación da Irmandade, aprobaba tamén estes derrubamentos, co que se converteu no referente legal das accións irmandiñas, así como no referente imaxinario na mentalidade xusticieira.

A base social da Irmandade atopámola en todos os sectores da sociedade galega da época. Obsérvase unha confluencia entre o campesiñado e as masas urbanas, unidas nas mesmas reivindicacións, na busca dunha maior xustiza e dunha paz interior inexistente durante todo o s. XV. O derrubamento das fortalezas é a resposta contra todas as malfeitorías que dende alí se facían. As cidades foron as primeiras en levantarse e as que lideraron a Irmandade, posiblemente pola súa maior tradición e capacidade de organización. Deste xeito, a revolta irmandiña non é un levantamento antinobiliar, senón contra aqueles grandes señores que eran os causantes dos grandes abusos que se producían. Así, membros da baixa nobreza e da fildaguía das cidades van xogar un papel fundamental na dirección dos exércitos irmandiños e, polo que respecta á nobreza eclesiástica, actuarase contra o arcebispo de Santiago Fonseca, coma o principal señor de Galicia, mais defenderase en repetidas ocasións os intereses de mosteiros, tamén con importantes señoríos territoriais, que sufrían graves abusos doutros nobres a través das encomendas. Por outra banda, a destrución das fortalezas foi acompañada da persecución de delitos e roubos que se producían contra a poboación. E esta mentalidade xusticieira a que provoca tal xeral apoio social.

Castelo de Pambre

Os acontecementos que se suceden en Castela van provocar a derrota da Irmandade. O *Pacto dos Touros de Guisando*, asinados no 1468 entre o rei e a súa media irmá e futura raíña Sabela, vai supor a fin da Guerra Civil que se vivía pola sucesión de Henrique IV, permitindo a reorganización da gran aristocracia galega, expulsada fóra de Galicia nestes primeiros dous anos de levantamento. Cunha tradición de constante enfrontamento entre eles, a aparición da Irmandade coma inimigo común vai facilitar a súa unión. Apoiados tanto polo rei de Castela coma de Portugal, organizarán exércitos que se enfrontarán aos irmandiños, conseguindo Pedro de Soutomaior unha vitoria ás portas de Santiago no 1470 que vén sendo, en palabras de C. Barros “a fin dos irmandiños coma poder galego, coma Santa Irmandade do Reino de Galicia, que non volve realizar Xuntas Xerais”. A partir deste momento a nobreza recuperará o control de a práctica totalidade de Galicia, aínda que a resistencia irmandiña se prolongue até 1474.

A derrota irmandiña vai vir acompañada da represión, que será máis ou menos dura segundo os diferentes territorios. Esta represión visualizarase na obrigada reconstrución das fortalezas derrubadas, que non se desenvolverá en toda Galicia do mesmo xeito (así o conde de Lemos é un bo exemplo de como se impón a

reconstrución, mais no caso do arcebispo de Santiago este proceso non se levará a termo). Pasado este período, a nobreza galega retomará as súas tradicionais loitas polo poder que, como veremos, acabará por debilitala.

4. GALICIA E OS REIS CATÓLICOS

O reinado de Sabela de Castela e Fernando de Aragón en Castela vai supor a integración de Galicia no estado autoritario que estaban a construír. Isto non significa que o reino de Galicia non formase parte do reino de Castela nos séculos anteriores, senón que a autonomía política que gozara, a forza da súa clase dirixente e o seu peso no conxunto dos reinos peninsulares será inexistente comparado co vivido no período baixomedieval.

Como afirma López Carreira, durante este reinado asistimos á desaparición da clase dirixente galega. Con todo, non debemos xustificar esta realidade pola actuación exclusiva dos Reis Católicos: é o resultado dun longo proceso que se vén desenvolvendo durante o século XV e que ten nas loitas intestinas da nobreza galega e nas consecuencias da revolta irmandiña dous aspectos fundamentais a considerar.

De buscarmos algún momento da historia de España que suscite unha forte disparidade de opinións, moitas delas alén do debate historiográfico, este é o do reinado dos Reis Católicos. Historias de España por volumes que comezan no adicado a este período, entendido coma fundamental na construción de España como un Estado nacional, ou versións dende os nacionalismos periféricos que o enfocan dende postulados "coloniais", exemplifican a importancia que se lle outorga a este reinado. Non podemos obviar que sobre estes posicionamentos enfrontados aínda ten moita influencia a construción ideolóxica que sobre esta época se fixo durante a ditadura franquista, utilizando incluso os símbolos destes reis, no seu proxecto de edificar unha España "unha, grande e libre". Deste xeito, a visión dada da monarquía dos Reis Católicos no ensino desta época condicionou o debate historiográfico e a percepción deste momento histórico.

Seguindo a F.J. Pérez Rodríguez, entendemos que antes de abordar esta etapa cómpre referirnos a algúns mitos que aínda seguen moi vixentes sobre o goberno dos Reis Católicos:

1. A pretendida unidade de España. Neste tempo, o concepto de España remitía a unha demarcación xeográfica que correspondía coa península Ibérica. Deste xeito, os reinos de Portugal, Navarra e Granada ficaban fóra desta pretendida unidade territorial.

Por outra banda, o matrimonio entre Sabela e Fernando non supuxo a unión dos dous reinos, o de Castela e o de Aragón, senón só a unión dinástica das dúas coroas. Así, as institucións de goberno castelás e aragonesas continuarán a funcionar de forma independente, aínda que é certo que actuarán como unha voz única no que atinxe ao posicionamento exterior.

Non existe unidade territorial de España, mais os reis exerceron o seu cargo dun xeito conxunto, practicamente sen fendas, reforzando a súa autoridade coa implantación dunha institución, a Inquisición, común a todos os reinos.

2. O carácter providencial dos Reis Católicos. A historiografía tradicional insiste no enfoque deste período coma unha idade de ouro da xustiza e da orde. Temos que destacar que se, como posteriormente analizaremos, a acción pacificadora dos reis foi moi salientable, son eles mesmos quen salientan e magnifican as súas consecuencias, a xeito de propaganda para acentuar o seu poder sobre os diferentes territorios da Coroa.

4.1. ASCENSO E CONSOLIDACIÓN DO PODER

Na guerra civil que viviu a coroa de Castela logo da morte de Henrique IV, grande parte da nobreza galega actuou dende unha expectante neutralidade agardando o devalar dos acontecementos. A contenda, que enfrontaba á medio irmá do rei, Sabela, mais a filla do finado, Xoana, coñecida coma a Beltranexa polo cuestionamento da lexitimidade coma filla do rei, aspecto que o propio Henrique IV referendou no Pacto dos Touros de Guisando, non só mobilizou aos territorios de Castela, senón que contou coa participación de tropas aragonesas e portuguesas no conflito. Foi o arcebispo Fonseca o máis destacado apoio dos Reis Católicos na nosa terra, que o recompensaron con mandatos moi favorables contra os nobres que atacaban as súas propiedades e cercaban a catedral de Santiago, mentres que Pedro Alvárez de Soutomaior destacábase coma o principal apoio das teses de Xoana. Mais pronto se fixaron os bandos en Galicia, seguindo os principais nobres a Fonseca, e por conseguinte, a causa de Sabela, fronte a un Pedro Madruga que contaba co apoio de Portugal na defensa dos intereses de Xoana. A guerra civil acabaría coa vitoria dos primeiros e co recoñecemento de Sabela coma raíña de Castela.

4.1.1. A creación da "Santa Hermandad"

A creación da "Santa Hermandad" é unha boa mostra de como os Reis Católicos van aproveitar todos os resortes á súa disposición para consolidar e reforzar o seu poder nos diferentes reinos da Coroa. De longa tradición, os Reis responden de forma favorable á petición que no 1476 fan as cidades para a creación dunha Irmandade Xeral que combata a bandidaxe tan presente no reino. Os nobres galegos, que aínda tiñan moi recente os acontecementos do levantamento irmandiño, asinan un pacto de axuda mutua (Lugo, 1477) e son quen de frean o seu establecemento na nosa terra durante todo o período da guerra civil. Mais acabada a contenda, os Reis instauran a "Santa Hermandad" en Galicia (1480), percibíndose dende os primeiros momentos como as súas accións exceden as atribucións iniciais. Serán os propios concellos quen protesten no 1482, a causa da forte fiscalidade e da orixe dos mandos da Irmandade, todos foráneos, mais os Reis Católicos desoirán as súas reclamacións. Malia a súa grande impopularidade non só en Galicia, senón no resto dos territorios da Coroa, a "Santa Hermandad" pervivirá até o 1498, debido a que as necesidades económicas da guerra de Granada primarán na acción de Sabela e Fernando.

Hostal dos Reis Católicos. Hospital de peregrinos fundando polos reis Sabela e Fernando

4.2. O SOMETEMENTO DA NOBREZA E A PACIFICACIÓN DE GALICIA

O nomeamento de Fernando de Acuña coma Xustiza Maior de Galicia no 1480 marca o punto de partida da imposición do poder por parte dos reis na nosa terra. Unha imposición que se fará buscando nun primeiro lugar o control da sedes episcopais, para a continuación conseguir someter á nobreza galega.

Malia que o arcebispo Fonseca foi un aliado da causa sabelina dende o comezo da guerra civil, os reis entenden que o control das diferentes sedes episcopais é fundamental para consolidar o seu poder. Deste xeito, obrigarán a Fonseca a entregar a catedral e todas as fortalezas da Mitra, enviando ao arcebispo á Corte, onde será nomeado presidente do Consello Real, conseguindo que só volva a Galicia de maneira puntual.

A acción de Acuña mirará por impor a autoridade real sobre unha nobreza, como a galega, que gozara dunha ampla autonomía fronte á Coroa e habituada a defender coas armas as súas reivindicacións. Ímonos deter en dous casos paradigmáticos para explicar este proceso:

1. O Conde de Camiña, Pedro Álvarez de Soutomaior, fora o principal bastión de Xoana a Beltraxena entre a aristocracia galega. Entre 1480 e 1482 xa aceptara a situación xurdida da vitoria de Sabela e integrárase perfectamente na nova realidade política. Mais un enfrontamento con Diego de Muros, bispo de Tui, vai supor a súa caída en desgraza que rematará coa súa morte fóra de Galicia no 1486. Os Reis van actuar ante un acto de vinganza de Pedro Madruga contra o bispo tudense, conscientes de que non poden permitir que ninguén tome a xustiza pola súa man. Diego de Muros pide xustiza ante os Reis Católicos e Pedro Madruga vai resultar vítima dos seus inimigos galegos. Coa acción da Coroa, o nobre é derrotado definitivamente e ponse fin a unha querela nobiliaria que se alongaba no tempo.

2. O Mariscal Pedro Pardo de Cela, mitificado por algúns coma símbolo da resistencia galega contra a expansión dos Reis Católicos, distinguírase, fronte ao conde de Camiña, coma un fiel da causa sabelina dende 1476. Mais o favor real duroulle pouco, sendo relegado do seu cargo na vila de Viveiro no 1476, para ser axustizado no 1483. Segundo palabras de García Oro, foi un fillo da súa época, “nin un dominador nin un tirano, nin un indómito caudillo popular. Simplemente, é un infortunado cabaleiro do s. XV”. Un nobre que caeu, coma moitos outros, no exercicio da violencia e da usurpación de bens e terras, na busca de aumentar as súas rendas. Cun fondo desprezo polo campesiñado, morreu no xogo de alianzas e traizóns en que vivía a aristocracia galega do s. XV, e que finalmente ocasionou o seu escaso peso político.

Os Reis Católicos tamén procederon á revisión das rendas da nobreza, anulando boa parte das concedidas por Henrique IV, en especial os xuros de herdade, que eran a suma anual que os reis outorgaban sobre determinadas rendas da súa propia. Nesta acción foron ecuánimes, actuando de igual xeito contra a nobreza amiga ou inimiga.

Continuouse co proceso de derrubamento de fortalezas, de moita menor importancia que os Irmandiños, mais que impediu aos nobres continuar co seu bandoleirismo. Porén, e malia o que poida parecer, a acción dos Reis Católicos non foi contra a nobreza, senón que a asentaron, entendéndoa coma unha garantía da orde social. O que pretenderon foi someter a nobreza aos seus ditados e integrala no seu esquema de goberno.

Trala execución de Pardo de Cela no 1483 pódese dicir que a paz e a orde quedaron restauradas en Galicia. Só quedaba por resolver o problema das encomendas e a visita que fan os Reis Católicos a Santiago no 1486 vai ter coma un dos obxectivos solventar este tema, á vez que visualiza o poder da monarquía fronte a unha nobreza coas que salda contas e uns eclesiásticos que lle reclaman os seus dereitos. Deste visita, extraeranse moitas consecuencias, entre as que se atopan a prohibición das encomendas e a de esixir novas cargas e imposicións ao campesiñado, a orde de continuar coa destrución das fortalezas e impedir a construción de novas, a obriga de que cese a acción dos cabaleiros sobre as vilas, a posibilidade dos nobres de redimir os seus delitos de participaren na guerra de Granada, ou as normas que vai impor para garantir a “honestidade” dos cregos.

Durante o reinado de Sabela e Fernando asistimos ao proceso de transformación da aristocracia galega, que de guerreira convértese en cortesá. A pacificación e a fin do bandoleirismo nobiliar vai favorecer ao campesiñado e as cidades, mais estas últimas asistiran á fin das súas liberdades.

4.3. A INTEGRACIÓN DE GALICIA NO NOVO ESTADO

Galicia quedará integrada no novo Estado autoritario que os Reis Católicos están a construír. Nun primeiro momento promoverán unha estabilización monetaria, coa introdución dunha nova moeda, os excelentes, da que Galicia tamén se verá beneficiada. As arcas do Estado notarán o efecto dun maior control da recadación fiscal, que os galegos tamén sufrirán. Por outra banda, as medidas establecidas na súa visita a Santiago permitirán que Galicia se converta nunha canteira de homes para as guerras da Coroa, sendo a de Granada a primeira onde participen galegos.

4.3.1. As novas institucións: Gobernador e Audiencia de Galicia

A figura de Gobernador ou Xustiza Maior de Galicia nace no 1475. Nesta institución unipersoal vanse concentrar multitude de poderes de goberno e xudiciais, o que se pode explicar pola situación de guerra na que estaba inmersa a Coroa. Estes amplos poderes, que tanta importancia terán, como vimos no caso de Fernando de Acuña, fará que sexa vixiado atentamente pola Coroa. Entre todas as súas funcións destacan:

1) Entender de múltiples cuestións e xulgar polo civil e polo criminal.
2) Restituír e tomar vilas, herdades, etc.
3) Combater levantamentos, ocupar cidades ou crear milicias.

Como apoio a esta figura xurdirá o Alcalde Maior, cuxas competencias se cinxirán a impartir xustiza, traballando en colaboración co Gobernador.

A Audiencia de Galicia, a institución máis importante e característica de Galicia en toda a Idade Moderna, nace no 1494, mais non será recoñecida oficialmente até 1514-1515. O seu obxectivo primordial será impor xustiza e orde. Tendo a súa sede en Santiago, Filipe II trasladaraa á Coruña como medio de impulsar a vida comercial desta vila.

A Inquisición será unha institución fundamental na expansión do poder real e que terá tantas consecuencias nos reinos peninsulares, coma a expulsión de xudeus e musulmáns, tras a conquista de Granada. A nosa terra verase afectada polas normas relativas aos xudeus, primeiro de segregación en barrios separados das vilas (pogroms), que pretendían diferenciar á poboación xudía da conversa, e posteriormente polo decreto de expulsión, aínda que se descoñeza o número de expulsados e de poboación afectada. Con todo, Galicia vivirá á marxe deste tribunal até o seu establecemento por Filipe II no 1574.

5. BIBLIOGRAFÍA

AGRAFOXO, X. *Didáctica da Historia Antiga e Medieval*, Noia, Toxosoutos Ensino, 1993.

ANDRADE CERNADAS, J.M., PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J., e VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Mª. J. “Galicia na Idade Medieval”, en *Historia de Galicia*, A Coruña, Vía Láctea, 2000, pp. 106-169.

BARROS, C. *A mentalidade xusticieira dos irmandiños*, Vigo, Ed. Galaxia, 1988.

FERREIRA, E. *Galicia en el comercio marítimo medieval*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1988.

GARCÍA ORO, J. Galicia en los siglos XIV y XV, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1987.

PALLARES MÉNDEZ, Mª C.; PORTELA SILVA, E. Galicia na época medieval A Coruña, Hércules de Ediciones, 1991.

-- *A gran historia de Galicia, tomos 7-10*, A Coruña, La Voz de Galicia, 2007.